

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

*ORDE do 21 de outubro de 2016 pola que se publica a concesión dos premios extraordinarios de educación secundaria obrigatoria ao rendemento académico correspondentes ao curso 2015/16, convocados pola Orde do 7 de xullo de 2016 (Diario Oficial de Galicia do 27 de xullo).*

A Orde do 7 de xullo de 2016 (DOG do 27 de xullo) pola que se convocan os premios extraordinarios de educación secundaria obrigatoria ao rendemento académico, correspondentes ao curso 2015/16, establece no seu artigo 10.2 que a persoa titular da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa elevará a proposta feita polo tribunal á persoa titular da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, quen emitirá a correspondente orde de adxudicación para a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Unha vez realizadas as probas, publicadas as cualificacións provisionais obtidas polos candidatos e candidatas no portal educativo <https://www.edu.xunta.es>, resoltas as reclamacións presentadas, vista a acta coa proposta definitiva do tribunal de adxudicación dos premios extraordinarios e a proposta do director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa,

#### RESOLVO:

Primeiro. Conceder os premios extraordinarios de educación secundaria obrigatoria ao rendemento académico correspondentes ao curso 2015/16 ao alumnado que figura no anexo desta orde.

Segundo. Esta orde de adxudicación dos premios poderá ser impugnada mediante recurso potestativo de reposición ante o conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da data de publicación no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben directamente mediante recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses desde tal publicación, segundo prevé o artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 21 de outubro de 2016

Román Rodríguez González  
Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria



## ANEXO

**Premios extraordinarios de educación secundaria obrigatoria  
ao rendemento académico correspondentes ao curso 2015/16**

Sol.	Apelidos e nome	Cód. C.	Centro estudos	Importe
19824	Allariz Pena, Inés	36013588	CPI do Toural	750 €
19907	Álvarez Pazó, Antía	36011798	IES Alexandre Bóveda	750 €
20492	Castro Yáñez, Alexo	15015561	CPR Manuel Peleteiro	750 €
20004	Corredoira Rodríguez, Saúl	27006322	CPR La Inmaculada	750 €
20394	Diz Ferreira, Eva	36010903	CPR Plurilingüe Apóstol Santiago	750 €
19821	Domínguez San José, Xoán	15026753	IES A Pontepedriña	750 €
20892	Estévez Suárez, Virginia	36020295	IES Mestre Landín	750 €
20681	Fernández Alonso, Óscar	32008513	CPR Plurilingüe Santa Teresa de Jesús	750 €
20528	Fernández López, Manuel	15027721	IES Plurilingüe de Ames	750 €
20016	García García, Candela	36010903	CPR Plurilingüe Apóstol Santiago	750 €
20277	Gerpe Vilas, Brais	32008951	IES Ramón Otero Pedrayo	750 €
20525	López Franco, José Antonio	36020313	IES de Ponte Caldelas	750 €
20799	Mexuto Bautista, Nuria	15027228	IES María Casares	750 €
20489	Ocampo Pérez, Óscar	32008941	IES Eduardo Blanco Amor	750 €
20893	Otero López, Paloma	36019268	IES Gonzalo Torrente Ballester	750 €
20486	Regueiro García, Juan Carlos	15005397	IES Fernando Wirtz Suárez	750 €
20502	Rocamonde Quintela, Juan Carlos	15015561	CPR Manuel Peleteiro	750 €
20383	Salvado Vigo, Enrique	15025712	IES Antonio Fraguas Fraguas	750 €
20780	Tasende Caamaño, Andrés	15002581	IES Alfredo Brañas	750 €
20678	Villanueva Mariz, Carlos	15015561	CPR Manuel Peleteiro	750 €

CVE-DOG: bknrqv50-t484-t9g0-4yk2-uouhdh2dpcho

